
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/122-1
Entidade	CONFRARIA DE AGUIÑO	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe
Ámbito do plan	Dende punta Castro ata a desembocadura do río Sieira, illas e illotes
Subzonas de explotación	Zona norte (Falcoeiro a río Sieira); Zona sur (Sálvora)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
2	99	212
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		201										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ . Sistema rotativo												
Modalidade ⁽³⁾ : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé (mariscador/día)	Embarcación/día	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg	-	5 kg

Artes a empregar	Raspa
-------------------------	-------

Puntos de control	Zonas de traballo e punto de descarga (peirao de Aguiño)
Puntos de venda	Lonxa de Aguiño (vendeduría da confraría)

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Sementeiras													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Zonas: NORTE E SUR													
Especies: PERCEBE													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito: A zona de traballo solicitada correspóndese co ámbito territorial da confraría (de punta Castro ata río Sieira) e illas e illotes próximos, que se subdivide en 2 zonas:

- Zona norte: dende punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo os illotes adxacentes, como As Basoñas
- Zona sur (Sálvora): illas de Sálvora, Sagres, Vionta, Noro, Gaboteira, Herbosa e illotes que a rodean. Esta zona está incluída dentro dos límites do P.N. Illas Atlánticas.

Participantes: O plan presenta un listado cun total de 100 embarcacións, ás que lles asignan 214 cotas, cando conforme aos datos da Consellería o número de embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Aguiño é de 99 con 212. No listado facilitado pola entidade aparece incluída a embarcación despezada para a nova construción que non dispón do recurso percebe no seu permiso de explotación, polo que debe ser excluída do plan. Ademais, figura a embarcación, despezada para a nova construción pola que debe ser substituída.

Xestión da explotación: A extracción realízase durante todo o ano, mediante a rotación das zonas de traballo nas que se divide o ámbito do plan.

Cotas máximas de captura: Non se aproba a proposta de incrementar en 1 kg o tope de captura, por merma. Isto tería sentido se o percebe chegara sen escoller ao punto de control, pero dada a obrigatoriedade establecida no plan de clasificar o percebe previo ao paso polo punto de control, non se pode superar o tope de 5 kg.

Arte: A arte a utilizar é unha raspa curta de 60 cm de lonxitude e 3,5 cm de ancho. Prohíbese o uso do truel.

Puntos de control: Establécense puntos de control nas zonas de traballo -embarcación de vixilancia- e no peirao de Aguiño, nos que os vixiantes da confraría rexistran o número de percebeiros, e controlan tallas e cupos. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Comercialización: Con data 26 de novembro de 2010, a confraría de pescadores de Aguiño achega solicitude de inclusión como norma do plan a venda dos descartes de percebe para fondos da agrupación. A orde do 12 de xuño de 2009, pola que se modifica a Orde do 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixes, moluscos, crustáceos e equinodermos, establece no punto un do artigo único *“Os cirrípedos (percebe) mediranse polo diámetro maior da base do capítulo (DBC). Cando se presenten formando piñas, polo menos o 60% do peso da piña deberá estar constituído por exemplares que alcancen o tamaño mínimo”*. No caso de que os descartes procedentes desta actividade extractiva estean constituídos por ditos exemplares que non acadan a talla comercial, conforme ao artigo 3 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, *“queda prohibida a descarga, primeira venda e comercialización de especies de tamaño inferior ao regulamentario, salvo nos lotes non clasificados, nos que se poderán permitir ata un 10% de especies que non alcancen o tamaño requirido”*, estando tipificado como infracción grave na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia. Se, pola contra os descartes estivesen constituídos por individuos de talla comercial trataríanse en realidade de excesos de cupo, cúa captura e venda está tipificada como infracción grave na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Accións de mellora: Valóranse positivamente as actividades previstas de rareos, limpeza... pero deben especificar as épocas probables nas que se desenvolverán estes traballos e a súa organización.

Horario: Non se autoriza o horario de traballo proposto no plan, por ir en contra do recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire á hora límite de traballo que son as 17'00 h.

Sen embargo, non existe inconveniente na restrición do horario de traballo proposta, dende 1 hora antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, sempre que non se superen as 17'00 h.

Deberán aclarar se o horario que rexerá esta explotación será dende 1 hora antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h., ou se se rexerá polo establecido na Orde de 6 de marzo de 2000, de 2 horas e media antes a unha hora e media despois da baixamar diúrna ata sen que poida pasar das 17'00 h..

Vixilancia: Os integrantes deste plan están obrigados a participar nas vixilancias, sendo a directiva da agrupación a responsable da organización e distribución dos grupos de vixilancia. O control de asistencia é responsabilidade dos membros da directiva que sexan designados.

Réxime sancionador: Se calquera dos participantes neste plan comete unha infracción será sancionado, segundo os feitos e a gravidade, e previo inicio do procedemento sancionador



oportuno, ben en base ao regulamento interno da agrupación, ben segundo os estatutos da confraría. No caso de que incorra nunha infracción das tipificadas na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, elevarase a acta da infracción á Consellería do Mar.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

Deberán **achegar**, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan pola asemblea da agrupación.
- Aclarar se o horario que rexerá esta explotación será dende 1 hora antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h., ou se se rexerá polo establecido na Orde de 6 de marzo de 2000, de 2 horas e media antes a 1 hora e media despois da baixamar diúrna ata as 17'00 horas.
- A información cartográfica das zonas de traballo, dacordo coa Circular MA-03/10, de 18 de outubro 2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2011.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do Parque Nacional das Illas Atlánticas emitiu informe con data do 01 de decembro de 2010, respecto ao plan presentado.